

## **NORMAS MOSTRA DE CINE ETNOGRÁFICO MUSEO DO POBO GALEGO**

O Museo do Pobo Galego organiza a Mostra de Cine Etnográfico que se celebra en Santiago de Compostela no mes de xuño.

### **CONDICIÓN XERAIS**

Entendemos o cinema etnográfico nun sentido amplo, referido a aquelas producións que teñan, como intención primordial, mostrar aspectos relacionados coas distintas realidades socioculturais e os xeitos de vivir e de entender a vida no seo dunha comunidade. Abrangue filmes que teñan como foco principal ás persoas, aos grupos sociais ou a procesos históricos relevantes relacionados coa antropoloxía e a etnografía.

Serán valorados como criterios de relevancia a importancia das cuestións sociais abordadas, a calidade técnica e o sentido estético, a innovación tanto no temático como na maneira de comunicalo, e a relevancia científica.

Para concorrer a esta Mostra, as obras presentadas deberán ter sido producidas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2014.

A duración dos traballos presentados non poderá exceder os 90 minutos.

Os e as autoras e as produtoras poderán presentar un máximo de dúas obras.

As producións realizadas en Galicia deberán estar en lingua galega ou, no seu defecto, subtituladas neste idioma. As realizadas fóra de Galicia poderán estar en calquera idioma sempre que inclúan subtítulos en galego ou castelán.

Quedan fóra de admisión os traballos proxectados na Mostra en anteriores edicións e aqueles cuxas persoas responsables estean involucradas na organización, así como os que teñan un carácter turístico ou publicitario.

O prazo de presentación de inscricións finalizará o **7 de abril de 2016**. A inscrición poderase facer a través de la plataforma [www.clickforfestivals.com](http://www.clickforfestivals.com)

## **SELECCIÓN**

A organización do certame poñeráse en contacto cos autores e autoras das obras seleccionadas para solicitar, se fose necesario, un formato de alta calidade para a súa proxección. A copia para a proxección deberá ir acompañada de título, formato, tipo de pantalla e tipo de son. Enviaránse tamén un mínimo de tres imaxes dixitais do documental (fotogramas, cartaz promocional, etc.), a filmografía do ou da autora e o material informativo adicional que se considere conveniente. Á copia e a documentación será entregada nun prazo de 15 días desde a data de notificación. As obras orixinais enviadas para a súa exhibición deberán coincidir exactamente coa copia remitida inicialmente. O incumprimento deste requirimento será motivo de exclusión do filme da Sección Concurso.

As obras seleccionadas exhibiránse no Museo do Pobo Galego do 6 ao 12 de xuño de 2016.

Os documentais seleccionados pasarán a formar parte do arquivo da Mostra e autorízase a consulta con fines divulgativos, educativos ou de investigación. A presentación dunha obra ao certame supón a aceptación destas bases.

## **XURADO**

O xurado estará formado por profesionais do ámbito cinematográfico, audiovisual, antropológico e cultural, escollidos pola organización da Mostra.

O Xurado resérvase outorgar os accésitos que considere oportunos, así como de declarar deserto o premio. Os premios non poderán concederse ex-aequo, sendo o único premio acumulable o outorgado polo público.

## **PREMIOS**

O Premio á mellor película etnográfica consistirá en 900 euros.

O premio á mellor produción galega ou referida a Galicia consistirá en 600 euros.

O premio do público consistirá nun diploma e trofeo acreditativo.

## **OUTRAS CONSIDERACIÓNS**

A persoa que inscribe a obra no Festival declara estar autorizada pola produtora a prestar a copia da película e aceptar as normas do certame.

Para a difusión da Mostra, a Organización queda autorizada á utilización pública nos medios de comunicación de un fragmento de ate tres minutos de duración das películas seleccionadas.

Finalizada a Mostra, o Museo poderá utilizar os traballos seleccionados en mostras e programas culturais e educativos, sen ánimo de lucro, con previa comunicación aos e ás autoras.

A persoa que concursa responde da autoría e orixinalidade de cada película presentada, eximindo á Organización de toda responsabilidade en canto ao contido da mesma.

Tanto os gastos de envío como de devolución de copias de proxección das películas seleccionadas, se é que fose necesario, correrán por conta das persoas participantes.

A inscrición dun documental equivale á aceptación das condicións do presente Regulamento, cuxa interpretación e aplicación corresponde á Organización.

Este regulamento édítase en galego, castelán e inglés. Para calquera dificultade na interpretación, o texto de referencia é o galego.

## **NORMAS MOSTRA DE CINE ETNOGRÁFICO MUSEO DO POBO GALEGO**

El Museo do Pobo Galego organiza la Mostra de Cine Etnográfico que se celebra en Santiago de Compostela en el mes de junio.

### **CONDICIONES GENERALES**

Entendemos el cine etnográfico en un sentido amplio, referido a aquellas producciones que tengan, como intención primordial, mostrar aspectos relacionados con las distintas realidades socioculturales y las maneras de vivir y de entender la vida en el seno de una comunidad. Filmes que tengan como foco principal a las personas, a los grupos sociales o a procesos históricos relevantes relacionados con la antropología y la etnografía.

Serán valorados como criterios de relevancia la importancia de las cuestiones sociales abordadas, la calidad técnica y el sentido estético, la innovación tanto en lo temático como en la manera de comunicarlo, y la relevancia científica.

Para concurrir a esta Mostra, las obras presentadas deberán haber sido producidas con posterioridad al 1 de Enero de 2014.

La duración de los trabajos presentados no podrá exceder los 90 minutos.

Los y las autoras y las productoras podrán presentar un máximo de dos obras.

Las producciones realizadas en Galicia deberán estar en lengua gallega o, en su defecto, subtituladas en este idioma. Las realizadas fuera de Galicia podrán estar en cualquier idioma siempre que incluyan subtítulos en gallego o castellano.

Quedan fuera de admisión los trabajos proyectados en la Mostra en anteriores ediciones y aquellos cuyas personas responsables estén involucradas en la organización, así como los que tengan un carácter turístico o publicitario.

El plazo de presentación de inscripciones finalizará el **7 de abril de 2016**. La inscripción hará a través de la plataforma [www.clickforfestivals.com](http://www.clickforfestivals.com)

## **SELECCIÓN**

La organización del certamen se pondrá en contacto con los autores e las autoras de las obras seleccionadas para solicitar, si fuera necesario, un formato de alta calidad para la proyección. La copia para la proyección deberá ir acompañada de título, formato, tipo de pantalla y tipo de sonido. Se enviarán también un mínimo de tres imágenes digitales de la obra (fotogramas, cartel promocional, etc.), la filmografía de o de la autora y el material informativo adicional que se considere conveniente. La copia y la documentación será entregada en un plazo de 15 días desde la fecha de notificación.

Las obras originales enviadas para su exhibición deberán coincidir exactamente con la copia remitida inicialmente. El incumplimiento de este requerimiento será motivo de exclusión del film de la Sección Concurso.

Las obras seleccionadas se exhibirán en el Museo do Pobo Galego del 6 al 12 de junio de 2016.

Los documentales seleccionados pasarán a formar parte del archivo de la Mostra y se autoriza la consulta con fines divulgativos, educativos o de investigación. La presentación de una obra al certamen supone la aceptación de estas bases.

## **JURADO**

El jurado estará formado por profesionales del ámbito cinematográfico, audiovisual, antropológico y cultural, escogidos por la organización de la Mostra.

El jurado se reserva otorgar los accésit que considere oportunos, así como de declarar desierto el premio. Los premios no podrán concederse ex-aequo, siendo el único el otorgado por el público.

## **PREMIOS**

El Premio a la mejor película etnográfica consistirá en 900 euros.

El premio a la mejor producción gallega o referida a Galicia consistirá en 600 euros.

El premio del público consistirá en un diploma y trofeo acreditativo.

## **OTRAS CONSIDERACIONES**

La persona que inscribe la obra en el Festival declara estar autorizada por la productora a prestar la copia de la película y aceptar las normas del certamen.

Para la difusión de la Mostra, la Organización queda autorizada a la utilización pública en los medios de comunicación de un fragmento de hasta tres minutos de duración de las películas seleccionadas.

Finalizada la Mostra, el Museo podrá utilizar los trabajos seleccionados en muestras y programas culturales y educativos, sin ánimo de lucro, con previa comunicación a los y las autoras.

La persona que concurra responde de la autoría y originalidad de cada película presentada, eximiendo a la Organización de toda responsabilidad en cuanto al contenido de la misma.

Los gastos de envío como de devolución de copias de proyección de las películas seleccionadas, si es que fuese necesario, correrán por cuenta de las personas participantes.

La inscripción de un documental equivale a la aceptación de las condiciones del presente Reglamento, cuya interpretación y aplicación corresponde a la Organización.

Este reglamento se edita en gallego y castellano. Para cualquier dificultad en la interpretación, el texto de referencia es el gallego.

